

1. Unha lenda ou un chiste?

Un campesiño que andaba polo monte hai xa moito tempo en Galicia, conseguiu albiscar unha cousa que emitía luces dende o medio de tres penas cada unha máis grande ca anterior.

Cando o home entrou en estas viuse de fronte cunha figura misteriosa, un home alto, ben vestido, tan ben vestido que incluso tiña retoques de ouro na súa chaqueta de cores e estilos orientais, o home confundido asustouse pero o estrano díxolle que non tiña que temer que el era un mouro e que atopara o sitio onde escondera a súa riqueza. O estrano propuxolle concederlle un desexo como mandaba a tradición dos mouros, pero el tiña unha forma diferente de concedelo: “Todo o que ti pidas, o teu veciño terá o dobre”.

Entón o campesiño pediu un montón de pesetas, unha auténtica fortuna, e o mouro dixo que llo concedía pero que o seu veciño terá o dobre, nese momento o campesiño negouse rotundamente e pediulle que cando teña que casarse que sea ca muller máis fermosa do mundo, “a segunda” dixo o mouro, “a primeira será pra o teu veciño”, entón o campesiño farto de que o ben para el fóra un favor o seu veciño dixo: “non, non, non por favor iso non, teño unha idea: deixame cego dun ollo e así meu veciño quedará cego dos dous”.

2. Unha historia da Santa Compañía propia.

Eu sempre oín un montón de cousas da Santa Compañía, unha procesión de ánimas que buscan alguén que presida a marcha con unha cruz para substituír o desgraciado que lle tocou antes ca ti para que poida este morrer o día seguinte, meu pobo, como todos esta cheo de cruceiros nos montes e no pobo mesmo, meu avó di que onde hai un cruceiro houbo un pecado, pero estes son útiles na loita contra a Santa Compañía porque si te metes debaixo deles e non miras a procesión podes salvarte. Tamén falan de círculos na terra, rosarios, allos, varas de certas madeiras... pero eu era moi pequeno para atopar tales salvacións ou levalas a man.

Empezando a historia eu e meu irmán dábamos un paseo a un prado arriba dun monte que chamamos o Agro a arrancar unhas malas herbas que nacen no medio dos prados chamadas carbés ou follacos, facía mal tempo e había moitísima néboa, e como bon irmán maior que é o meu convenceume de que esas partes da néboa baixa que quedan sobre os prados é onde onde se oculta a Santa Compañía, eu non o crin o primeiro pero a súa insistencia e o meu temor a aquela historia acabaron convencéndome o que me levou a unha fuxida precipitada monte abaixo por aqueles camiños que xa levaba moi pisados ata atopar o cruce de camiños onde se situaba o cruceiro que estaba máis preto ao cal me aferrei ata que o meu irmán chegou onde estaba eu, case chorando da risa para levarme ata a casa cos ollos aínda pegañentos de bágoas do medo que pasara, o meu respecto pervive ata o día de hoxe porque nunca se sabe.

3. O San Xoán

A supestición é unha das bases da nosa cultura, onde se mistura o folclore popular e pagano coa relixión, o que deixa festas e costumes que resulta moi difícil non cumprir polo divertidas, solemnes ou apegadas a tradición que están, e para min o máximo expoñente e o San Xoán patrón do meu pobo, a festa entre os veciños non é moi grande pois non somos un pobo grande pero en cada casa vívese como unha noite intensa e na que falar e estar ata moi tarde, a costumbre nunca cambia pois en Galicia todo se mistura primeiro a misa que todo o pobo escoita e unha moi pequena procesión da cal e moi complicado que deixen na responsabilidade dos xóvenes e logo deso festa con orquesta, unha comida e unha

comida do pobo, todos xuntos, e a noite fogos de artificio e a raíñas das festas, en cada casa unha fogueira, canta máis xente máis alta e cando todo acaba o momento culme o grito de meigas fóra saltar a fogueira nove veces de lado a lado para que entre en bos términos o verán e veña a boa sorte (e escorrente as meigas).